


O Legado familiar “Ramón Cabanillas”

FRANCISCO FERNÁNDEZ REI
(da Real Academia Galega)



28 febreiro do 2015, véspera do centenario da publicación de *Vento mareiro*, tiven a honra de asistir na casa familiar de Cabanillas, no nº 10 da rúa Real de Fefiñáns (hoxe vivenda da neta Aurora Vidal Cabanillas “Pitusa”), á sinatura de doazón do *Legado familiar “Ramón Cabanillas”* ó Concello de Cambados. No acto estaban presentes os netos das familias Botana Cabanillas e Vidal Cabanillas, o alcalde Luís Aragunde, o tenente de alcalde Antonio Pombo, o autor do inventario do *Legado* Luís Rei e diversos xornalistas.

Mentres Luís elaboraba o inventario, contábame aspectos relevantes do material. Vino moi feliz o día que achou unha carta a Cabanillas, data da na Coruña a 8 de abril do 1916, na que se lle rogaba que puxese todo o seu amor por Galicia no movemento das Irmandades da Fala que se estaba a tecer; e tamén o vin ben contento ó describirme unha das xoias do *Legado*, o caderno manuscrito “Notas sobre os libros, as composicións dispersas e os inéditos” que o poeta preparara para a edición da *Obra completa* (1959) de Buenos Aires. O día da doazón díxenlle a Luís que me gustaría ver con el todo o *Legado*. O tempo foi escorrendo e non puídemos acudir os dous á casa de Pitusa, pois a finais de xullo do 2015 recrou a enfermidade coa que levaba anos loitando e días despois Luís embarcou nunha travesía polos mares do Alén.

A finais de maio do 2016, o concelleiro de Cultura de Cambados Víctor Caamaño pediume un relato expositivo do *Legado*, á vez que me achegaba un arquivo co inventario e arquivos complementarios. Despois de analizar este material, comenteille a Víctor que do *Legado* só coñecía o que se mostrara o día da doazón e que para poder redactar un informe necesitaba ter nas mans o material, o que comecei a facer o pasado 29 de agosto no “santuario” que Pitusa lle dedicou á obra e á memoria do avó.

Para min foi unha sensación indescribible estar no cuarto de traballo do propio Cabanillas, traballar na súa mesa e ter á miña man primeiras edicións das súas obras con dedicatorias súas a familiares e amigos; e tamén ter alí obras de Luguís

Freire, López Abente, Pedrayo, Celso Emilio, Paz Andrade ou Cela dedicadas a Cabanillas e libros de Álvaro Cunqueiro ou Paz Andrade para o fillo Ramón, xunto con outros dos anos 50 de Galaxia, que tantas veces vira citados, e obras “históricas” doutras editoriais. E sempre rodeado de fotografías orixinais do poeta e da familia, moitas das cales vira editadas, xunto con obxectos persoais de Cabanillas que con agarimo Pitusa alí tiña expostos.

Pensei que me abondaría con varias tardes, pero necesitei un bo quiñón de xornadas de mañá e tarde (ás veces de noite), sobre todo venres e sábados. O traballo de Luís fora inxente e impagable; con todo, era moito o diverso material que faltaba por inventariar (bastante estaba só clasificado) e foron moitas as horas que falei con Pitusa sobre a súa familia ou sobre as fotos para identificar as persoas retratadas. Decidín facer un novo inventario, partindo do de Luís, coa maior información posible, sobre todo no inxente material de prensa, pensando que algún día o inventario terá que se pendurar nunha páxina web sobre Cabanillas. O 30 de decembro do 2016 púxenlle o ramo ó meu labor no “santuario” do poeta e entreguei o relato expositivo a finais do pasado xaneiro.

O conxunto de libros, discos, cartas, documentos de prensa e literarios, fotografías e obxectos constitúe unha excelente colección sobre a figura de Cabanillas, cun valor semellante ás coleccións que del existen na Biblioteca Penzol de Vigo, na sede da Real Academia Galega na Coruña ou no Museo de Pontevedra. En todo caso, este *Legado* é imprescindible para afondar no estudo da vida e a obra do poeta nado na viliña de Fefiñáns.

Como salientara Luís Rei o día da doazón, a principal singularidade do *Legado*, o que o fai diferente das outras coleccións citadas, é o carácter familiar “pois non só contén documentos de ou sobre Ramón Cabanillas, senón tamén dos seus fillos e fillas (correspondencia, libros dedicados e outros documentos) en relación co seu pai e cos asuntos relativos a este (publicacións, homenaxes póstumos, traslado dos restos do poeta ao Panteón de Galegos Ilustres, etc)”. Outra característica esencial é “a forte presenza de Cambados neste conxunto documental, algo verdadeiramente importante se quen vai xestionar a conservación e divulgación deste arquivo é o Concello de Cambados”.

Ademais, no *Legado* hai unha boa presenza de Álvaro Cunqueiro en



Estatua de Cabanillas diante do Concello de Cambados

O conxunto de libros, discos, cartas, documentos de prensa e literarios, fotografías e obxectos constitúe unha excelente colección sobre a figura de Cabanillas

ó país coa taza cunca do seu apelido na man, tanto amor lle tiña a ese viño dourado que na súa honra compuxo o caligrama “Laude do albariño”, en forma de copa, da que hai o orixinal que aparecera no *Faro de Vigo* en agosto do 65.

Este *Legado familiar* non sería posible sen o gran cariño de Pitusa polo seu avó materno e sen o seu labor de formiga gardando tanta documentación de valor inestimable sobre Cabanillas e a historia de Cambados. Coñecín a Pitusa (e os seus irmáns) hai case 18 anos, cando lin o discurso de ingreso na Academia Galega no Instituto cambadés co nome do poeta; desde aquela vira asistir ou participar en moitos actos sobre Cabanillas, en Cambados ou onde fosen. Hai uns anos contoume que lle gustaría que todo o material familiar do seu avó quedase en Cambados e que se expuxese do xeito máis útil. Esa arela axiña será realidade no edificio da Calzada que está a carón do monumento ó autor de *Vento mareiro*.

Beizón, prezada Pitusa, polo teu sentido agarimo pola figura e a obra do teu avó e, sobre todo, pola túa inmensa xenerosidade.

temas relacionados con Cabanillas, cuxa cadeira ocupou na RAG, ou con Cambados e a Festa do Albariño. En palabras de Méndez Ferrín, Cunqueiro foi “oficiante supremo da liturxia cambadesa do albariño”; e el e outros poetas e oradores “recuperaron o albariño real e fundaron o mito contemporáneo do albariño coas súas palabras e os seus soños”. Cunqueiro, que dicía que podía darlle unha volta

UNHA HABANEIRA ARRIBOU
(Homenaxe a Francisco Rey Rivero)

A Vilanova de Arousa
unha habaneira arribou
ofrenda de Rey Rivero
alba de filial amor

Evocación primorosa
inspirada no fervor
que lle profesa ao seu berce
o xenial compositor

Habaneira do mar estela do ceo o sol
os teus alados acordes promesa de aurora son
habaneira do mar estela do ceo o sol
fai que os teus versos aniñen sempre nos corazóns

Leva enseña azul e branca
belas magnolias en flor
e unha serea que esperta
co Alalá do Terrón

Viven ondas na súa ialma
mar que ao mestre arrolou
e auga da Fonte Vella
que manaba de emoción

Música: Rogelio Groba
Texto: Alexandre Allegue



Alexandre Allegue

■ A obra UNHA HABANEIRA ARRIBOU foi estreada
por Gli Appassionati no Auditorio Mar de Vigo

VILANOVA DE AROUSA E DE VALLE-INCLÁN